

AXENDA

Prezada comunidade:

Saudamos esta semana a **incorporación** ao equipo ECOBAS de **Claudia Martínez Boubeta**, economista con experiencia en compañía multinacional que asume a responsabilidade da área de xestión do noso Centro. Por outra banda, convidámosvos a **rexistravos xa** nas vindeiras sesións de Excelencia Científica e por suposto, a botar unha ollada ao resto da información de convocatorias e actualidade de interese para a nosa comunidade. Saúdos!!

XOVES
18/04
12.00 H



SESIÓN 1: “EXCELENCIA EN INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E VALOR SOCIAL DA TESE DOUTORAL”

Ana Olveira Blanco, Premio Extraordinario de Doutoramento 2024 da USC na área de Ciencias Sociais e Xurídicas, será a encargada de abrir o programa.

- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: SANTIAGO. Facultade de CC. EE. da USC - AULA 22.
- **ONLINE: ACTIVA AQUÍ O TEU REXISTRO**

VENRES
19/04
12:00 H



SESIÓN 2: “ESTRATEGIAS PARA FOMENTAR A CALIDADE DAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS”

Antonio Álvarez Pinilla, catedrático de Análise Económica e fundador do Grupo de Investigación en eficiencia e produtividade da Universidad de Oviedo.


- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: SANTIAGO. Facultade de CC. EE. da USC - AULA 20.
- **ONLINE: ACTIVA AQUÍ O TEU REXISTRO**

ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS

Xa podes formalizar inscrición para a terceira e última sesión do noso itinerario de Innovación para a Transferencia. Será o martes 30 de abril en Vigo:

MARTES
30/04
12.00 h


- Horario: de **12:00 h a 14:30 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO (Campus Universitario As Lagoas Marcosende)
- Preme aquí para formalizar a túa inscrición



AXENDA



**16, 17, 18
ABRIL**



»» WASTE IN PROGRESS

Este foro internacional de referencia en materia de prevención e xestión de residuos da un paso máis nesta edición coa presentación dun proxecto 360 que vincula administración pública, iniciativas privadas e cidadanía para impulsar modelos de economía circular dende as corporacións locais.

O profesor da UDC e investigador permanente de ECOBAS **Juan José Pernas** asume o encargo de contextualizar as tres xornadas xurídicas do congreso a través do WarmUp titulado “O impacto do marco xurídico e legal nas políticas de R e PxR”.

16.04.24

REPARACIÓN Y PREPARACIÓN PARA REPARACIÓN

Nombre evento: 16.04.24, centro de reciclaxe, industria textil, coque de ahiado, menu de restauración, correo 12345

Opening by Montserrat Beses	9 - 9:10	+
WARM UP by Juan José Pernas	9:10 - 9:30	-
El impacto del marco jurídico y legal en las políticas de R y PxR		
AGENCIA DE RESIDUOS DE CATALUNYA - Políticas de Prevención en la nueva Ley de Prevención y Gestión de Residuos y de uso eficiente de los Recursos	9:30 - 09:50	+
ACR+ - Objetivos de reducción de consumo de recursos en las ciudades europeas	9:30 - 10:00	+
OBERTURA INSTITUCIONAL	10:15 - 10:30	+

J.J. Pernas analiza na súa intervención o marco normativo vixente en materia de prevención: políticas de reutilización e preparación para a reutilización, políticas de prevención de envases e políticas de descarbonización relativas á xestión dos residuos.

»» “CLIMA E NATURALEZA: RISCOS, OPORTUNIDADES E RETOS PARA O SECTOR PRIVADO”

**XOVES
18/04
19:30 H**

Segunda actividade do ciclo de conferencias “En Código Aberto” da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**.



O relator convidado, **Sebastian Troëng**, Ph.D., é doutor en ecoloxía animal pola Universidade de Lund en Suecia.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Paraninfo do Reitorado da UDC. A Coruña.
- Necesaria **inscrición previa aquí**.

»» OBRADOIRO DE CREATIVIDADE EMPRESARIAL E FERRAMENTAS DE IA: COÑECE OS NOVOS COPILOTOS CREATIVOS

**MARTES
23/04
10:00 H**



Co gallo do Día Mundial da Creatividade e a Innovación (21 de abril), o proxecto **HEI4FUTURE** que dirixe o investigador permanente de ECOBAS **Pablo Cabanelas** convoca un obradoiro sobre as posibilidades que ofrece a intelixencia artificial aplicada á creatividade empresarial, co obxectivo de impulsar a innovación e o crecemento nas organizacións modernas.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Facultade de Comercio da Universidade de Vigo.
- Formadora: **Raquel Pedrouso**, facilitadora de procesos de aprendizaxe en entornos profesionais e educativos.
- Necesaria **inscrición previa aquí**.

AXENDA



PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA A EXCELENCIA CIENTÍFICA

XOVES
25/04
12.00 H



SESIÓN 3: “A CULTURA OPEN ACCESS: O VALOR SOCIAL DA INVESTIGACIÓN”

Mª Belén Rubio Armesto, Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo e membro do Consello Reitor de ECOBAS.

- Data: Xoves, 25 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo. Aula-seminario 7.
- **ONLINE: ECOBAS Academy**

VENRES
26/04
12:00 H



SESIÓN 4: “GENERATIVE ARTIFICIAL INTELLIGENCES BASED ON LARGE LANGUAGE MODELS IN SCIENTIFIC RESEARCH: WHAT IS OUTSIDE THERE AND POTENTIAL USES”

Miguel González Loureiro, catedrático de Estratexia e Dirección Internacional de Empresas, investigador permanente de ECOBAS e coordinador do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

- Data: Venres, 26 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo.
- **ONLINE: ECOBAS Academy**

VENRES
26/04
10:00 H



OBRADOIRO DE MINDSET EMPREENDEDOR

- Organiza: HEI4FUTURE
- Horario: 10:00 a 14:00 h (CET)
- Presencial: PONTEVEDRA. Casa das Campás.
- [Ligazón para inscrición](#)

MARTES
30/04
10:00 H



OBRADOIRO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E NETWORKING

- Organiza: HEI4FUTURE
- Horario: 10:00 a 14:00 h (CET)
- Presencial: OURENSE. Escola Técnica Superior de Enxeñaría Informática.
- [Ligazón para inscrición](#)

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> BENVIDA AO EQUIPO ECOBAS: CLAUDIA MARTÍNEZ BOUBETA



Como resultado do concurso de méritos aberto para a cobertura do posto de xestión en ECOBAS, con data 15 de abril vén de incorporarse ao noso equipo **Claudia Martínez Boubeta**.

Economista con experiencia en control de xestión en compañía multinacional, Claudia é graduada en Economía pola Universidade de Vigo, na que obtivo o Premio Extraordinario de Grao da súa promoción.

A súa excelente traxectoria académica foi tamén merecedora do recoñecemento a nivel estatal co Premio Nacional Fin de Carreira que lle outorgou o Ministerio de Educación en 2018. Parabéns e benvinda, Claudia!!

>>> LOLI GARZA, UNHA DAS PROTAGONISTAS DE “QUERO SER INVESTIGADORA 4”



A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da UVIGO presentou hai poucas datas a nova entrega de “Quero ser investigadora”, unha publicación destinada á mocidade para dar a coñecer o labor de mulleres investigadoras que residen na súa contorna e que levan a cabo un traballo moi rigoroso e relevante que repercute no avance e na transformación da sociedade.

O obxectivo desta iniciativa é tamén estimular e espertar as vocacións investigadoras entre a rapazada, con figuras femininas próximas como referencia. A investigadora permanente de ECOBAS e Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da UVIGO, **Loli Garza** é unha das protagonistas deste catálogo. Non volo perdades!!

>>> NOVA PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS ESTA SEMANA

Sanzo-Pérez, M.J.; Álvarez-González, L.I.; García-Rodríguez, N.; **Rey-García, M.** (2024)

[Social innovation in non-profit organizations: a measurement scale](#)

Innovation: The European Journal of Social Science Research

10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)
20 and 21 June 2024

>>> OPEN CALL [10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS](#)

A illa de A Toxa colle a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE da Universidade de Vigo e que terá lugar durante os días 20 e 21 de xuño.

- [Call for papers](#). ATA **01/05/2024**.
- [Web do evento](#)

FINANCIAMENTO E RRHH



>>> PROXECTOS «EUROPA EXCELENCIA» 2024

A convocatoria de proxectos «Europa Excelencia» ten como finalidade mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), nas súas modalidades «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants», enmarcados no Pilar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco de Investigación de la Unión Europea Horizonte Europa. Se trata de proxectos de investigación científico-técnicos relacionados cos obxectivos das propostas remitidas e avaliadas positivamente e consideradas elixibles polo ERC, pero que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas por este organismo.

- **Prazo de solicitudes: do 23/04/24 ao 09/05/24 ás 14:00 h (CET)**
- [Ligazón á convocatoria](#)

>>> PROGRAMA DE RETORNO DO TALENTO 2024

En marcha a II Edición deste programa para o retorno a España de persoal científico xa consolidados no estranxeiro coa finalidade de que poidan desenvolver un proxecto de investigación relevante durante un periodo de cinco anos integrándose nunha Institución pública de investigación española.



FUNDACIÓN
RAMÓN ARECES

- Prazo solicitudes: **ata 16/09/24**
- [Descarga aquí as bases desta convocatoria](#)
- programaretorno@fundacionareces.es

>>> UNIVERSITAT DE BARCELONA

- Convocante: **Universitat de Barcelona**
- Posición: Assistant Professor (seis anos), investigación no marco do Institut d'Economia de Barcelona (IEB)
- [Accede aquí aos detalles da oferta](#)
- [Coñece aquí os requirimentos específicos](#)
- Prazo: ata o 22 de Abril de 2024
- [Ligazón a formulario para envío de solicitudes](#)



>>> STATEC RESEARCH

- Convocante: **STATEC Research** - The statistics portal
- Posición: Post-Doctoral Researcher (dous anos) a tempo completo para o proxecto titulado "Well-being In a Sustainable Economy Revisited (WISER)".
- Prazo: ata o 21 de Abril de 2024
- Accede [aquí aos detalles da oferta](#)

STATEC

>>> UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Convocante: **Cátedra UDC-Inditex de Inteligencia Artificial en Algoritmos Verdes**
- Posición: investigador/a en formación. Liña de investigación: desenvolvemento de algoritmos que sean eficientes enerxéticamente
- Duración: INICIO: 01/01/2024 FIN: 31/12/2026
- Centro de Investigación principal: CITIC
- [Ligazón á convocatoria de contratación](#)



>>> UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Convocante: **USC**
- Concurso público para a provisión de prazas de profesorado axudante doutor/a
- A orde contempla prazas en diversas áreas das Ciencias Sociais
- [Ligazón á convocatoria](#)



MÁIS COMUNIDADE



PREMIO DE ECONOMÍA REY DE ESPAÑA 2024

Convocatoria da Fundación José Celma Premio para recompensar o labor científico ou profesional máis destacado, a xuízo do xurado, dentro do campo da economía.

- Premio: un diploma, unha réplica da obra "Mercurio" do escultor Francisco López Hernández e unha dotación en metálico de 72.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: **30 xuño 2024**.
- [Ligazón ás bases do premio](#)

>>> PREMIO VANGUARDIA DA CIENCIA 2024

Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h**.



- [Ligazón ás bases](#)

>>> VIII PREMIO CÁTEDRA AGROBANK Á MELLOR TESE DOUTORAL

A Cátedra AgroBank "Calidade e Innovación no sector Agroalimentario" convoca o VIII Premio Cátedra AgroBank á mellor Tese Doutoral, destinado a doutores que obtivesen o seu título nunha universidade española mediante a realización dunha tese doutoral nalgunha temática relacionada coa Calidade e Innovación no sector agrario ou alimentario.



- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un único accésit dotado con 1.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: **30 de abril de 2024 ás 14:00 h**
- [Ligazón á información completa e as bases](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

